

ACTIVIDADES, DE VERÁN 2019



Concello de  Oleiros

MINICAMPAMENTOS

Descrición:

Cos Minicampamentos abrimos as portas do tempo libre no medio natural para todos os picariños e picariñas que teñan aproximadamente entre 3 e 6 anos de idade. En concreto para os nenos nados entre **2015 e 2016** os **Mini3**, e os **Mini5 para os nados entre 2014 e 2013**.

Son campamentos en versión “mini”, onde o que de verdade é grande é a diversión, as aventuras e as experiencias que axuden ao seu desenvolvemento san e á súa autonomía.

Este ano as actividades estarán relacionadas cos oficios tradicionais e achegarémonos ao seu mundo e á súa presenza nos nosos bosques e ríos..., fomentando unha actitude positiva cara ao noso medio natural, ademais de educar na convivencia e no respecto aos demais, o xogo e o contacto coa natureza serán imprescindibles.

Estas actividades educativas pretenden proporcionarlles aos nenos e ás nenas diversión, aventuras e experiencias que favorezan a súa autonomía e a adquisición de hábitos saudables. Pequenos campamentos que educan na convivencia e na socialización, nos que o xogo e o contacto coa natureza son os protagonistas.

Destinatarios/as:

Nesta experiencia poderán participar os pequenos e pequenas que teñan entre 3 e 6 anos de idade, aínda que **recomendamos os Mini 3 para aqueles nenos e nenas de 3 a 4 anos nados**



entre xullo de 2015 e agosto de 2016, e os **Mini 5 para os “maiores”, de 5 e 6 anos** nados entre xullo de 2013 e agosto de 2014.

Dous formatos distintos:

Mini 3: Son tres días de actividade sen facer noite con horario de 10.00 h a 17.00 h.

Mini 5: Neste caso o horario do campamento é de 10.00 h a 19.00 h, ata o 4º día no que teñen a posibilidade de quedarse a durmir nas tendas. O último día, son recollidos polas familias ás 13.00 h.

Obxectivos:

- Aprender xogando.
- Fomentar a convivencia e o respecto mutuo, a través de actividades colectivas.
- Achegarse ao coñecemento do seu contorno máis próximo.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar en hábitos de alimentación saudable.

Lugar de realización:

CEIP Isidro Parga Pondal, en Santa Cruz de Liáns.

Temporalización:

- **Mini3 Os oleiros:**
do 29 ao 31 de xullo (25 prazas)
- **Mini3 As mariscadoras:**
do 7 ao 9 de agosto (25 prazas)
- **Mini5 Os panadeiros:**
do 15 ao 19 de xullo (25 prazas)
- **Mini5 As zoqueiras:**
do 19 ao 23 de agosto (25 prazas)

CAMPAMENTOS

Descrición:

A evolución lóxica dos Minicampamentos que corresponde ao nivel de maduración dos/as cativos/as, son os campamentos e excursións curtas para nenos e nenas que nacesen entre 2009 e 2012. Avanzamos na adquisición de hábitos saudables e na diversión colectiva. Os grandes xogos, a convivencia e as actividades relacionadas cos oficios tradicionais, favorecendo o coñecemento e conservación da natureza en Galicia, favorecendo o seu coñecemento e conservación en permanente contacto coa natureza, serán o cerne dos "campas".

Horario:

- » 1º e 2º día: de 10.00 h a 19.00 h.
- » 3º e 4º día: completos, facendo noite nas tendas.
- » 5º día: recollidos polas familias ás 13.00 h.

Destinatarios/as:

Nesta experiencia poderán participar os nenos e nenas nados entre o ano 2009 e o 2012.

Obxectivos:

- Ofrecer alternativas divertidas e saudables ao tempo libre dos nenos e das nenas.
- Educar para a convivencia, a cooperación e o respecto cos/as compañeiros/as.
- Investigar sobre os valores naturais e histórico-artísticos do medio inmediato.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar na consecución de hábitos alimenticios saudables.



Lugar de realización:

CEIP Isidro Parga Pondal, en Santa Cruz de Liáns.

Temporalización:

- **Campamento Punta do Corvo:**
do 1 ao 5 de xullo (30 prazas)
- **Campamento Illa do Castelo:**
do 26 ao 31 de agosto (30 prazas)



EXCURSIONS DE VERÁN

Descrición:

Despois de que os nenos e as nenas gozasen de actividades preto da súa contorna (Minicampamentos e campamentos), propoñemos a posibilidade de participar en dúas excursións a dous fermosos espazos naturais, para que coñezan lugares espectaculares e de grande interese ambiental onde vivir aventuras inesquecibles.

Así pois, aos nenos e ás nenas que naceron entre o ano 2009 e 2012, propoñémoslles un destino clásico nas nosas programacións, as **Fragas do Eume**, un dos bosques atlánticos mellor conservados de toda Europa moi preto da nosa casa, e nun dos equipamentos máis interesantes de Galicia, o **albergue Alvarella**.

Para os mozos e mozas que naceron entre o ano 2005 e 2008, propoñemos a **excursión Mar de Lira- Carnota**, onde terán a oportunidade de achegarse á costa de Muros, Carnota, Lira...; como lugar máxico e de lendas..., e vilas mariñeiras onde o contacto coas súas xentes e paisaxes, sempre é lembrado cun sorriso. Unha forma diferente de gozar dun anaco de costa das máis fermosas do mundo...



Destinatarios/as

Para Mar de Lira poden inscribirse rapaces e rapazas que nacesen entre o ano 2005 e o ano 2008. Para os que nacesen entre o ano 2009 e o ano 2012, propoñemos unha excursión moi preto de nós: **ás Fragas do Eume**.

Obxectivos:

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, xeográfico e cultural das comarcas visitadas.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo.
- Ofrecer novos xeitos de aprender en contacto directo co medio.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar na consecución de hábitos alimenticios saudables.

Temporalización:

- **Se naciches entre o ano 2005 e 2008**

(de 11 a 14 anos): Excursión Mar de Lira - Carnota: do 8 ao 12 de xullo (27 prazas).

- **Se naciches entre o ano 2009 e 2012**

(de 7 a 10 anos): Excursión Fragas do Eume: do 12 ao 14 de agosto (40 prazas).

HORTAS NO VERÁN

Descrición:

Despois de case dúas décadas desenvolvendo o programa de Hortas Escolares, estamos convencidos todos os axentes educadores que participamos nel, que a horta constitúe un gran xacemento de recursos educativos. O seu potencial vén dado pola riqueza de temáticas que se poden tratar na súa realización, con multitude de experiencias e vivencias, contidos pedagóxicos (conceptos, procedementos, actitudes, valores) e a forza de conexión co medio natural e social do medio máis próximo.

Non se trata dunha parcela na que cultivamos tomates ou leitugas, senón que debemos entendela como un espazo no que imos tratar unha serie de contidos encamiñados a desenvolver as capacidades dos nenos e das nenas.

Por outra banda, o gran número de recursos didácticos que suxire o traballo ao aire libre, ver como medran as plantas grazas ao noso traballo... son razóns suficientes para realizar esta actividade que constitúe un recurso educativo moi interesante. Ademais este ano faremos unha visita ao mercado de Perillo para aprender algo máis da horta e da alimentación saudable.

Destinatarios/as:

Nenos e nenas que teñan cumpridos entre os tres e os seis anos..



Obxectivos:

- Desenvolver capacidades de exploración e investigación na horta.
- Familiarizarse co mundo das verduras, hortalizas, legumes..., estimulando un achegamento afectivo e positivo.
- Estimular a iniciativa e a autonomía dos/as picariños/as nas tarefas da horta.
- Coñecer o proceso de sementeira, plantación e coidados posteriores, básicos na horta.
- Estimular a afectividade cara ao consumo dos produtos comestibles que nos proporciona a horta.

Horario:

» Primeira quenda:

- CEIP R. M^a del Valle- Inclán:
de 10.30 h a 11.30 h (20 prazas)
- Escola Infantil As Galeras:
de 12.00 h a 13.00 h (20 prazas)

» Segunda quenda:

- Escola Infantil As Galeras:
de 10.30 h a 11.30 h (20 prazas)
- CEIP R. M^a del Valle- Inclán:
de 12.00 h a 13.00 h (20 prazas)

Temporalización:

- **Primeira quenda:** do 1 ao 12 de xullo, de luns a venres.
- **Segunda quenda:** do 5 ao 16 de agosto, de luns a venres.



FESTAS ALGO GUAPO



Descrición:

Esta actividade supón unha oportunidade para todos os rapaces e rapazas que participaron nos campamentos, excursións e hortas de verán de reencontrarse nun contexto festivo, de lembrar as súas aventuras estivais.

Durante dúas tardes de sábados teremos unha proxección audiovisual coas mellores imaxes do verán, unha actuación artística e unha pequena merenda de convivencia.

Destinatarios/as:

Nenos e nenas participantes nas Hortas de verán, nos Minis, Campas e excursións organizadas polo Servizo Municipal de Educación.

Obxectivos:

- Reforzar os lazos afectivos entre as persoas participantes.
- Promover a convivencia e o respecto entre a veciñanza.
- Fomentar actitudes sas no uso do tempo libre.
- Entreter e divertir as persoas participantes durante unha tarde de setembro.

Lugar de realización:

Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo na urbanización Os Regos.

Temporalización:

- Para os rapaces e as rapazas de **Campamentos e Excursións, o sábado 14 de setembro** de 17.00 h a 19.00 h.
- Para os rapaces e as rapazas de **Mini 3 e Mini 5 e as Hortas de verán, o sábado 7 de setembro** de 17.00 h a 19.00 h.

Nota: Non hai limitacións de prazas, nin custo, unicamente solicitamos confirmación previa por correo electrónico ao enderezo ensino@oleiros.org



REUNIÓN INFORMATIVAS

Reunións informativas das Actividades de Verán 2018 do Servizo Municipal de Educación para as familias.

Coa intención de facilitar ás familias calquera información relativa ás actividades anteriormente descritas sobre: desenvolvemento, programación, material, horarios, educadores/as, seguros, transporte, alimentación, actividades..., están programadas as seguintes reunións **no auditorio da Fábrica en Sta. Cristina.**



CANDO?

- **Campamentos** (de 7 a 10 anos): mércores **19 de xuño ás 20.00 h**
- **Excursión ás Fragas do Eume:** mércores **19 de xuño ás 20.45 h**
- **Mini 3 e Mini 5:** xoves **20 de xuño ás 20.15 h**
- **Excursión Mar de Lira:** xoves **20 de xuño ás 21.15 h**



AULAS DE VERÁN NA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA 2019

CLÁSICO

Descrición:

As Aulas de Verán constitúen un proxecto educativo que pretende abrir e dar a coñecer a Escola municipal de Danza, ofertando obradoiros de danza, dramatización, expresión corporal e outras manifestacións artísticas a través da actividade lúdica, promocionando as artes escénicas como unha actividade máis dentro do tempo de lecer da infancia e da xuventude.

A proposta de aulas de verán é unha experiencia que trata de abrir os espazos e as artes escénicas relacionadas coa danza á poboación xeral a partir dos seis anos de idade, e que pretende pulsar a demanda infantil e xuvenil nos ámbitos escénicos.

Destinatarios/as

Aulas de verán é unha actividade dirixida aos nenos e nenas do Concello de Oleiros, desde os 7 anos (nados en 2012).

Lugar e actividades:

Todas as actividades serán planificadas e desenvolvidas por profesorado especializado e supervisadas pola Dirección da EMDO. Realízanse, na súa totalidade, nas instalacións da Escola Municipal de Danza de Oleiros. A distribución das actividades e a carga horaria variarán en función do grupo de idade. De maneira xeral, as actividades desenvolvidas por cada un dos grupos serán as seguintes:

- **GRUPO I** (nados entre 2012 e 2010): Danza

Clásica, teatro, flexibilidade e acondicionamento físico, expresión corporal e obradoiros (vestiario, caracterización, improvisación, repertorio, coreografía...)

- **GRUPO II** (nados entre 2009 e 2007): Flexibilidade e acondicionamento físico, Danza Clásica, Danza Carácter, teatro e obradoiros (vestiario, caracterización, improvisación, repertorio, coreografía...)

- **Grupo III** (nados en 2006 ou en anos anteriores): Flexibilidade e acondicionamento físico, Danza Clásica, Puntas, Danza Contemporánea e Repertorio.

En relación á **experiencia previa** en Danza Clásica:

- No é necesario ningún tipo de experiencia previa no grupos I e II.
- Si é necesario ter experiencia previa no grupo **III**.

Obxectivos:

- Concienciar as persoas participantes do papel da danza como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver as habilidades sociais das persoas participantes por medio de actividades como a danza, a dramatización, a expresión corporal e a plástica.
- Enriquecer a nosa linguaxe corporal.
- Desenvolver a creatividade e fomentar o coñecemento e apreciación da danza iniciando os rapaces e rapazas desde os primeiros anos na súa aprendizaxe.

Temporalización:

GRUPO HORARIO

- » **Grupo I** (nados entre 2012 e 2010)
de 10.00 a 13.00 h
- » **Grupo II** (nados entre 2009 e 2007)
de 10.00 a 13.30 h
- » **Grupo III** (nados en 2006 ou en anos anteriores) de 10.00 a 14.00 h

Prazas:

As aulas de verán están deseñadas para 20 participantes máximo/grupo.

En cada quenda, 1 semana, poderanse inscribir nos seguintes grupos:

- **Quenda I:** do luns 1 ao venres 5 de xullo de 2019
- **Quenda II:** do luns 8 ao venres 12 de xullo de 2019



MODERNO

Descrición:

Aulas de Verán moderno é un proxecto co que pretendemos promover a actividade lúdica cunha orientación educativa, a través da danza e outras manifestacións artísticas.

Nace co obxectivo de continuar co traballo desenvolvido, ao longo do curso, na Escola Municipal de Danza e promocionar a danza moderna, como un elemento máis dentro do tempo de lecer dos mozos do noso Concello.

Decantámonos por unha educación baseada nunha relación de igualdade, cooperación entre os/as participantes e a aprendizaxe de valores, habilidades, actitudes, conceptos...

Temporalización:

» Datas 1º quenda:

do luns 1 ao venres 5 de xullo de 2019

» Datas 2ª quenda:

do luns 8 ao venres 12 de xullo de 2019

GRUPO HORARIO

Iniciación (nacidos entre 2005/2009):
de 11.00 a 12.30 h

Avanzado (nacidos entre 2001/2005):
de 12.30 a 14.00 h

Lugar e actividades:

Todas as actividades serán planificadas e desenvolvidas por profesorado especializado e supervisadas pola Dirección da EMDO. Realízanse, na súa totalidade, nas instalacións da Escola Municipal de Danza de Oleiros.

De maneira xeral, as actividades desenvolvidas por cada un dos grupos serán as seguintes:

▪ **Grupo Iniciación:** Hip Hop New School, Hip Hop Old School, Jazz Funk, Popping...

▪ **Grupo Avanzado:** Hip Hop Contemporáneo, Jazz Funk, Michael Jackson Style, Ragga Jam-Dancehall...

Os **grupos de iniciación** están dirixidos a grupos sen experiencia previa ou grupos de iniciación.

Os **grupos avanzados** están dirixidos a alumnos e alumnas con experiencia previa e certo nivel.

Obxectivos:

- Coñecer e experimentar os distintos estilos as súas diferentes modalidades e historia.
- Concienciar as persoas participantes do papel da danza como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver as habilidades sociais dos/as participantes.
- Enriquecer a nosa linguaxe corporal.
- Desenvolver a creatividade e fomentar o coñecemento e apreciación da danza.

Contidos:

Darase a coñecer e desenvolveranse distintos estilos do hip hop, popping e locking, breaking, jazz funk, house dance,.... Desenvolvendo as técnicas básicas de cada modalidade e coñecendo algo da súa historia.

Prazas:

As aulas de verán están deseñadas para 20 participantes máximo/grupo.

AULAS DE VERÁN: MÚSICA E MOVEMENTO

Introdución:

O verán é esa época marabillosa onde nenos e nenas ansían tempo de praia e esparexemento despois dun ano duro de clases e de estudo. Á súa vez, ese mesmo verán é unha época temida polas familias, ao ter que compaxinar as obrigas laborais co tempo de lecer dos seus fillos e fillas.

A Aula de Verán de Música e Movemento é un proxecto que pretende promover un desenvolvemento artístico e musical no tempo de lecer dos nenos e nenas do concello de Oleiros e a súa contorna.

As aulas remataron e só é tempo de gozar!

Destinatarios/as

- **Grupo I:** de 6 a 7 anos (non se necesita experiencia previa). Total alumnado: 20
- **Grupo II:** de 8 a 9 anos (non se necesita experiencia previa). Total alumnado: 20

Obxectivos específicos:

- Ofrecer unha visión lúdica do estudo musical.
- Familiarizarse cos instrumentos de percusión determinada.
- Concienciar as persoas participantes do papel da música e as artes escénicas, como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver as habilidades sociais das persoas participantes, por medio de actividades como a danza, o teatro e a música.
- Participar nas actividades cunha actitude positiva e responsable, establecendo relacións construtivas e equilibradas cos compañeiros.



- Aceptar as limitacións da propia execución e respectar as dos compañeiros e compañeiras.

Contidos e actividades:

- **Xogos de presentación musicais:** actividades de presentación que se levarán a cabo a través da música.
- **Danzas do mundo:** actividade rítmica e cultural. Servirá para practicar o ritmo co corpo, á vez que se coñecen os países e as culturas que nos rodean.
- **Práctica instrumental:** Gozar da música cos instrumentos. Combinaranse instrumentos de placas e outros instrumentos en función da idade dos nenos e nenas participantes, así como do dominio que posúan dalgún instrumento. As persoas que tocan un instrumento poderán levalo para enriquecer as sesións de práctica instrumental.
- **Linguaxe Musical divertida:** Achegamento e/ou afondamento no solfexo pero desde un punto de vista lúdico. Este enfoque é froito dun método propio do profesor Marcos Pais Varela.
- **Xogos musicais:** Seguindo o ronsel dos xogos de campamento desenvolveranse xogos similares pero sempre apoiados na música.
- **Obradoiros musicais:**
 - » Música e novas tecnoloxías: posibilidades para coñecer, afondar e gozar da música coas opcións que achegan as novas tecnoloxías.
 - » Monicreques: construción dun monicreque para despois realizar actividades teatro-musicais.

- » Ciencia sonora: actividades de ciencia divertida relacionados co son e a música.
 - » Teatro musical: afondamento na expresión de sentimentos coa música e o teatro.
 - » Pulseira rítmica: elaboración de pulseiras con abelorios para concibir mellor o ritmo.
 - » Marcapáxinas musical: elaboración dun marcapáxinas con motivos musicais e así fomentar a animación á lectura.
 - » Construción de instrumentos con material de refugallo: elaboración de instrumentos empregando material xa usado con outras finalidades. Relación coa ecoloxía.
- **Merendiña:** todos os días, a media mañá, un descanso para merendar. Cada neno levará a súa merenda.

▪ **Complementarias:** xogos rítmicos, ioga, pilates, puntas, contemporáneo.

▪ **Charla:** unha charla o primeiro mércores da actividade. Búscase facer unha charla útil para os rapaces e rapazas.

▪ **Concertiños:** presenza de artistas que integrarán os rapaces e rapazas na estupenda faceta de ser audiencia. Á súa vez os intérpretes amosaranlle aos nenos e nenas participantes o proceso de preparación e posta en escena dun concerto/evento.

▪ **Concerto** da nosa Orquestra Orff

Temporalización:

▪ **1º semana de xullo**

de luns a venres de 9.30 a 14.00 h

▪ **2º semana de xullo**

de luns a venres de 9.30 a 14.00 h



KAIK EN SANTA CRUZ

Descrición:

Orientada fundamentalmente ao aspecto recreativo, a través das actividades no kaiak de mar. A súa distribución será en cursos intensivos de 5 sesións cada un (10 horas). En cada curso ofertaranse 16 prazas. É obrigatorio saber nadar.

Destinatarios/as:

Para mozos/as nados/as entre 2005 e 2009.

Obxectivos:

- Aproveitar e gozar do tempo de lecer en contacto co medio natural.
- Aprender a realizar as manobras de control e seguridade na embarcación.
- Aproveitar os valores a transmitir polo deporte, desenvolvemento das capacidades físicas e motrices, disposición ao esforzo persoal e



ás capacidades sociais, o traballo en equipo, a solidariedade e a tolerancia.

- Coñecer as normas fundamentais de seguridade sobre o kaiak e prevención de riscos.
- Coñecer a praia de Santa Cruz e a súa contorna costeira, procurar a súa conservación e respecto.

Lugar de realización:

Esta actividade realizarase nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz, situadas debaixo da pasarela de acceso ao castelo.

Convén levar posto:

Traxe de baño, camiseta de cambio ou lycra, chancletas ou escarpíns e toalla.

Temporalización:

Nos meses de xullo e agosto, de luns a venres, en horario de 11:30 a 13:30 horas. Realizaranse un total de 8 quendas durante o verán nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz.

- **1º quenda:** do 25 ao 28 de xuño (4 días)
- **2ª quenda:** do 1 ao 5 de xullo
- **3º quenda:** do 8 ao 12 de xullo
- **4º quenda:** do 15 ao 19 de xullo
- **5º quenda:** do 29 de xullo ao 2 de agosto
- **6º quenda:** do 5 ao 9 de agosto
- **7º quenda:** do 19 ao 23 de agosto
- **8º quenda:** do 26 ao 30 de agosto



SURF EN BASTIAGUEIRO

Descrición:

Cursos de iniciación ao surf de 10 horas cada un, de luns a venres de 12:00 a 14:00 h.

O Concello achegará todo o material necesario (táboas e traxes). **(Obrigatorio saber nadar)**

Destinatarios/as:

Para mozos/as nados/as entre 2002 e 2005.

Obxectivos:

- Destacar na práctica diaria o factor lúdico. A diversión debe ser prioritaria para crear afección e gusto pola actividade deportiva.
- Experimentar un xeito de mellorar as capacidades condicionais de forza, resistencia, coordinación, equilibrio e flexibilidade.
- Dar as ferramentas elementais para que ao remate do curso o alumnado adquira as noções básicas do surf, así como o seu material e manexo.
- Coñecer a praia de Bastiagueiro (formación de olas, correntes...) normas de seguridade, riscos e precaucións.
- Educar na consecución de hábitos de conservación e respecto do medio ambiente.

Lugar de realización:

Na instalación náutica da praia de Bastiagueiro.

Convén levar posto:

Traxe de baño, camiseta de cambio ou lycra, chancletas e toalla.



Temporalización:

- **1ª quenda:** do 1 ao 5 de xullo
- **2ª quenda:** do 8 ao 12 de xullo
- **3ª quenda:** do 15 ao 19 de xullo
- **4ª quenda:** do 19 ao 23 de agosto



CAMPUS DEPORTIVO



Descrición:

As actividades incluídas nos Campus deporte pretenden aproveitar a recreación deportiva como ferramenta na ocupación do tempo de lecer, así como descubrir e dar a coñecer actividades e instalacións con posibilidades de práctica dentro do noso concello e contorna. Cada campamento durará unha semana e ofertará ata 30 prazas cada un. **O horario habitual será de luns a venres, de 10:00 a 14:00 horas.**

É obrigatorio saber nadar.

Pregamos puntualidade á hora de deixar e recoller os/as participantes, tanto nas paradas do bus como no propio pavillón.

Lugar de realización:

O punto de encontro será o pavillón polideportivo municipal de Bastiagueiro situado na rúa Uxío Novoneyra s/n, Bastiagueiro- Liáns (GPS:

N 43° 20' 23" W 8° 21' 02"); desde alí, e segundo o programa diario, desprazarase ás persoas participantes en autobús ata o lugar da actividade.

Transporte:

Realizarase un percorrido de autobús polo termo municipal de Oleiros para recoller os/as alumnos/as e deixalos posteriormente nas paradas (nas xornadas con chegada de tarde o bus non fará o percorrido, a recollida será no pavillón). É obrigatorio especificar na inscrición, da maneira máis precisa posible, o lugar da parada que se solicita, tanto de ida como de volta. O transporte conta con servizo de acompañante.

A listaxe cos horarios e paradas de autobús serán enviadas ao correo electrónico facilitado na inscrición e tamén poderán ser consultadas no Servizo Municipal de Deportes o xoves anterior ao comezo de cada campamento.

Recomendacións:

Como norma xeral para as actividades multideportivas é necesario vestir roupa deportiva e cómoda, tamén é recomendable traer crema solar e viseira. A media mañá faremos un pequeno descanso para repoñer forzas polo que é aconsellable traer algo para comer (por exemplo unha peza de froita e auga).

Convén levar posto:

- Unha mochila pequena para gardar unha botella de auga e outras cousas.
- Calzado pechado e cómodo para camiñar e facer as actividades multideportivas.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- Gorriña ou pucho para o sol.
- Botella de auga e peza de froita.
- Crema protectora para as/os nenas/os.
- Traxe de baño, gorro, chancletas e toalla para a sesión de xogos acuáticos.
- Traxe de baño, camiseta de cambio ou lycra, chancletas e toalla nas sesións de surf e kaiak.

CAMPUS DEPORTE PARA NACIDOS/AS EN 2012 E 2013

Luns: xogos deportivos

Martes: xogos populares e xogos acuáticos

Mércores: xogos de loita e xincana deportiva na praia

Xoves: escalada e patinaxe

Venres: olimpíadas alternativas na praia

» Campus deporte 2012-2013 do 1 ao 5 de xullo

Descrición das actividades:

· Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

· Xogos populares

Os rapaces e as rapazas redescubrirán os xogos da cultura popular galega: chave, ra, buxainas, carreira de sacos, brilé...

· Xogos acuáticos

Os participantes gozarán de xogos predeportivos adaptados ao medio acuático nun ambiente lúdico. Esta actividade farémola na piscina municipal de Oleiros. Será necesario levar o seguinte material: gorro, traxe de baño, chancletas e toalla.

· Xogos de loita

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos aos participantes na práctica das habilidades básicas de loita coas técnicas básicas nun ambiente lúdico e de respecto aos compañeiros e compañeiras.



· Xincana deportiva

Iremos camiñando á Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas participarán en circuitos de habilidades mediante probas por equipos.

· Escalada deportiva


Dotaremos dos coñecementos básicos: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Terán a oportunidade de tocar e coñecer o material básico da escalada deportiva. A actividade será no rocódromo do propio pavillón de Bastiagueiro

· Xogos con patíns

Aproveitaremos para que poidan aprender a patinar de maneira autónoma. Convén traer calcetíns altos que cubran a zona do patín. Se ten patíns ou proteccións propias pódeas traer.

· Olimpíadas alternativas

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos poderán competir entre grupos en deportes tradicionais coñecidos pero adaptados para as súas idades e moito máis motivadores.



CAMPUS DEPORTE PARA NACIDOS/AS EN 2010 E 2011

Luns: xogos deportivos

Martes: orientación e xogos acuáticos

Mércores: xogos de loita e xincana deportiva na praia

Xoves: escalada e camas elásticas

Venres: olimpíadas alternativas na praia

» Campus deporte 2010-2011 do 8 ao 12 de xullo

» Campus deporte 2010-2011 do 26 ao 30 de agosto

Descrición das actividades:

• Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

• Carreira de orientación

Iniciación a orientación deportiva onde poderán manexarse co mapa. Faremos unha pequena carreira de orientación coas balizas e pinzas propias deste deporte.

• Xogos acuáticos

As persoas participantes gozarán de xogos predeportivos adaptados ao medio acuático nun ambiente lúdico. Esta actividade farémola



na piscina municipal de Oleiros. Será necesario levar o seguinte material: gorro, traxe de baño, chancletas e toalla.

• Xogos de loita

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos os participantes na práctica das habilidades básicas de loita coas técnicas básicas nun ambiente lúdico e de respecto aos compañeiros e compañeiras.

• Xincana deportiva

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas participarán en circuitos de habilidades mediante probas por equipos.

• Escalada deportiva

Dotaremos dos coñecementos básicos: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Terán a oportunidade de tocar e coñecer o material básico da escalada deportiva. A actividade será no rocódromo do propio pavillón de Bastiagueiro

• Camas elásticas

Visitaremos o parque UrbanPlanet con camas elásticas onde poderemos iniciar actividades de ximnasia deportiva. Non é necesario levar material adicional simplemente roupa deportiva.

• Olimpíadas alternativas

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos poderán competir entre grupos en deportes tradicionais coñecidos pero adaptados para as súas idades e moito máis motivadores.

CAMPUS DEPORTE PARA NACIDOS/AS EN 2008 E 2009

Luns: xogos deportivos

Martes: escalada e patinaxe

Mércores: orientación e sendeirismo en Dexo

Xoves: paseo a cabalo e xogos acuáticos

Venres: surf e rugby na praia

» Campus deporte 2008-2009 do 25 ao 28 de xuño (4 días)

» Campus deporte 2008-2009 do 15 ao 19 de xullo

» Campus deporte 2008-2009 do 19 ao 23 de agosto

Descrición das actividades:

· Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

· Escalada deportiva

Dotaremos dos coñecementos básicos: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Terán a oportunidade de tocar e coñecer o material básico da escalada deportiva. A actividade será no rocódromo do propio pavillón de Bastiagueiro



· Xogos con patíns

Aproveitaremos para que poidan aprender a patinar de maneira autónoma. Convén traer calcetíns altos que cubran a zona do patín. Se ten patíns ou proteccións propias pódeas traer.

· Orientación e sendeirismo en Dexo

Aproveitaremos o entorno natural da costa de Dexo para facer unha pequena ruta de sendeirismo dende a pista cuberta ata as furnas. Alí os nenos e nenas poderán xogar co material propio de orientación nunha gran carreira con probas.

· Paseo a cabalo

Visitaremos o Centro hípico da Finca o Regueiral de Paderne. As persoas participantes gozarán do mundo do cabalo e darán un pequeno paseo montados en grupos reducidos. Ao finalizar faremos unha pequena comida co que leven os/as participantes e bañaremonos na piscina descuberta de Paderne que está preto da finca. **A volta será no pavillón ás 18.00 h. Non teremos servizo de bus para repartir nas paradas.**

· Surf

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Facilitaremos todo o material necesario: táboas de surf, traxes e lycras, aínda que se ten material propio pode levalo. Será necesario traer o seguinte material: traxe de baño, chancletas e toalla.

· Rugby

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos as persoas participantes na práctica do rugby sen contacto adaptado para o xogo na praia.



CAMPUS DEPORTE PARA NACIDOS/AS EN 2006 E 2007

Luns: xogos deportivos

Martes: escalada e patinaxe

Mércores: parkour e actividades circenses

Xoves: sendeirismo e kaiak nas Fragas do Eume.

Venres: surf e rugby na praia

» Campus deporte 2006-2007 do 29 de xullo
ao 2 de agosto

Descrición das actividades:

• Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

• Escalada deportiva

Dotaremos dos coñecementos básicos: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Terán a oportunidade de tocar e coñecer o material básico da escalada deportiva. A actividade será no rocódromo do propio pavillón de Bastiagueiro

• Xogos con patíns

Aproveitaremos para que poidan aprender a patinar de maneira autónoma. Convén traer calcetíns altos que cubran a zona do patín. Se ten patíns ou proteccións propias pódeas traer.

• Parkour

Actividade consistente en desprazarse dun punto a outro, superando os obstáculos existentes. Practicaremos os movementos básicos



de desprazamentos e saltos buscando fluidez e orixinalidade. Iremos camiñando á sala de usos múltiples do INEF Galicia

• Actividades circenses

Pequena práctica con material específico de actividades circenses. Os mozos/as poderán ter unha primeira toma de contacto e demostrar as súas habilidades e destrezas.

• Sendeirismo e kaiak nas Fragas do Eume

Faremos unha pequena ruta de sendeirismo dentro das Fragas do Eume, pararemos a comer co que leven os mozos/as e a continuación montaremos nos kaiaks ata o punto de orixe. Facilitaremos todo o material necesario: kaiaks, palas e chalecos. Será necesario traer o seguinte material: camiseta ou lycra de cambio, traxe de baño, chancletas e toalla. A chegada será ás 18:30 h no pavillón e non teremos servizo de reparto nas paradas.

• Surf

Iremos camiñando á de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Facilitaremos todo o material necesario: táboas de Surf, traxes e lycras, aínda que se ten material propio pode levarlo. Será necesario traer o seguinte material: traxe de baño, chancletas e toalla.

• Rugby

Iremos camiñando á Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos as persoas participantes na práctica do rugby sen contacto adaptado para o xogo na praia.

CAMPUS DEPORTE PARA NACIDOS/AS EN 2004 E 2005

Luns: surf

Martes: escalada e camas elásticas

Mércores: viaxe ao encoro da fervenza, ruta en kaiak e escalada en torre exterior

Xoves: ruta bicicleta, tirolina e circuíto pontes colgantes

Venres: ruta sendeirismo e regreso

» **Campus deporte Encoro da Fervenza 2004-2005 do 5 ao 9 agosto**

O horario será de 10:00 h a 14:00 o luns e martes. O mércores o inicio será ás 10:00 h e partiremos cara ao albergue Naturmaz que está en Mazari-cos. O regreso será o venres aproximadamente ás 17:30 h no pavillón de Bastiagueiro.

Coa finalidade de ofrecer máis información sobre esta actividade realizaremos unha reunión informativa o xoves 27 de xuño ás 20:30 h no auditorio da Fábrica.

Descrición das actividades:

• Surf

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Facilitaremos todo o material necesario: táboas de Surf, traxes e lycras, aínda que se ten material propio pode levalo. Será necesario traer o seguinte material: traxe de baño, chancletas e toalla.

• Escalada

Pequena práctica no rocódromo municipal de Bastiagueiro e logo aproveitaremos o rocódromo exterior de Naturmaz con 12 m de altura dispoñibles.



• Camas elásticas

Visitaremos o parque UrbanPlanet con camas elásticas onde poderemos iniciar actividades de ximnasia deportiva. Non é necesario levar material adicional simplemente roupa deportiva.

• Kaiak

Paseo en kaiak autobaleirable polas augas do Embalse da Fervenza.

• Ruta en bicicleta

Pequena ruta en bicicleta polo entorno do albergue.

• Tirolina

Tirolina con máis de 300 metros de longo á que se chega tras unha pequena camiñada e que dispón dunhas magníficas vistas do Embalse da Fervenza.

• Circuíto de pontes colgantes

Circuíto interior a 6 metros de altura composto por 12 probas diferentes.

• Ruta de sendeirismo

Ruta de sendeirismo polo arredores do Embalse da Fervenza.



OBRADOIRO DE ARTES PLÁSTICAS

Descrición:

Un obradoiro de artes plásticas no que o papel, as pinturas e o barro, entre outros materiais, convértese en elementos que axudan a espertar a sensibilidade artística nos máis pequenos/as ao mesmo tempo que pasan un tempo agradable con outros nenos e nenas da súa idade. Unha oportunidade de aproveitamento de forma lúdica e creativa do tempo de lecer.

Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos 2007 e 2014.

Serán 15 participantes por cada quenda.

Lugar de realización:

Casa da Cultura de Perillo e Centro Cívico de Santa Cruz.



Obxectivos:

Achegar os nenos e nenas a diversos materiais para que a través deles se expresen e ao mesmo tempo aprendan algunhas técnicas básicas para o seu manexo son algúns dos obxectivos deste obradoiro de verán. Xogar cos volumes, as proporcións, a textura e as cores dos distintos materiais utilizados e agudizar as percepcións son outros dos obxectivos perseguidos.

Temporalización:

Mes de xullo:

» Do 1 ao 12:

- Quenda I: de 10.00 a 12.00 h
Casa da Cultura de Perillo (10 sesións)
- Quenda II: de 12.00 a 14.00 h
Casa da Cultura de Perillo (10 sesións)

» Do 15 ao 30:

- Quenda III: de 10.00 a 12.00 h
Casa da Cultura de Perillo (10 sesións)
- Quenda IV: de 12.00 a 14.00 h
Casa da Cultura de Perillo (10 sesións)

*No mes de xullo o venres 26 non haberá clase

Mes de agosto:

» Do 1 ao 14:

- Quenda V: de 10.00 a 12.00 h
Centro Cívico de Santa Cruz (10 sesións)
- Quenda VI: de 12.00 a 14.00 h
Centro Cívico de Santa Cruz (10 sesións)

OBRADOIRO DE SCRAPBOOKING OU ENCADERNACIÓN DECORADA

Descrición:

O scrapbooking ou encadernación decorada é unha actividade manual xurdida en Estados Unidos que comezou a facerse cada vez máis popular a partir da década dos oitenta. Scrapbook significa, literalmente, libro de recortes, e consiste en preservar as túas fotos e lembranzas dunha forma creativa. Orixinalmente, o soporte para facer isto eran os álbums de fotos, pero hoxe en día non só se fan álbums, senón máis cosas. O scrapbooking non é unha técnica en si, senón que agrupa un conxunto de técnicas moi diversas, nas que se usan infinidade de materiais distintos.

Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados/as entre 2007 e 2012, 15 prazas.

Obxectivos:

O obxectivo principal é o achegamento lúdico á obra cerámica, especialmente á olería. Aprender



a xogar coas cores e volumes e a utilizar dun xeito divertido diferentes instrumentos de transformación do material.

Ao tratarse dun obradoiro de iniciación, os nenos e nenas participantes poderán coñecer o seguimento de todo o proceso de creación dunha peza: construción, modelado, decoración, secado, biscoito, vidro, cocción. Nunha cocción final poderán comprobar os resultados dos traballos realizados durante as clases.

Lugar de realización:

Centro Cultural As Torres, en Santa Cruz.

Temporalización:

» Do 15 ao 30 de xullo:

(10 sesións) de 10.30 a 12.00 horas

* O venres 26 de xullo non haberá clase.



OBRADOIRO DE TEATRO INFANTIL



Descrición:

Obradoiro infantil de iniciación ao xogo teatral no que os nenos e nenas tomarán contacto co xogo físico teatral, cos xogos de relación e a creación de personaxes, o coñecemento do espazo escénico e os diferentes estilos teatrais de actuación.



Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2007 e 2012, 15 prazas por cada quenda.

Obxectivos:

Mediante a realización de xogos e actividades, preténdese desenvolver a expresión corporal e verbal, estimular a creatividade e a imaxinación e aprender a colaborar co grupo nun ambiente lúdico e distendido de ocio creativo, mellorando a autoestima, a confianza e a socialización.

Lugar de realización:

Teatro As Torres, en Santa Cruz.

Temporalización:

» 1ª quenda-xullo:

Do 1 ao 12 de xullo (10 sesións)
de 10.30 a 12.00 horas

» 2ª quenda-agosto:

Do 1 ao 14 de agosto (10 sesións)
de 10.30 a 12.00 horas



OBRADOIRO DE TEATRO XUVENIL

Descrición:

Obradoiro dirixido a rapaces e rapazas que se inician no teatro ou que xa teñen certa experiencia e no que se inclúe xogo físico teatral, xogos de relación e a creación de personaxes, coñecemento do espazo escénico e diferentes estilos teatrais de actuación.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2001 e 2006, 15 prazas por cada quenda.

Obxectivos:

Utilizando distintas técnicas teatrais, buscarase que o alumnado descubra o maior número posible de ferramentas que comprende o traballo teatral. Para acadar este obxectivo, traballarase a expresión corporal e oral, a colocación no escenario, a manifestación de sentimentos, a improvisación e moitas outras técnicas. Tamén



se procurará que o alumnado se acostume a traballar en equipo, aceptando as ideas alleas e aprendendo a expoñer e defender as propias para poder chegar a un consenso e así crear distintas escenas de forma colectiva. O obxectivo final é que o alumnado estimule a creatividade, mellore a autoestima e a confianza e adquira certas habilidades necesarias para poder representar unha pequena improvisación.

Lugar de realización:

Teatro As Torres, en Santa Cruz



Temporalización:

» 1ª quenda-xullo:

Do 1 ao 12 de xullo (10 sesións)
de 12.00 a 13.30 horas

» 2ª quenda-agosto:

Do 1 ao 14 de agosto (10 sesións)
de 12.00 a 13.30 horas

OBRADOIRO DE OLERÍA INFANTIL

Descrición:

Obradoiro infantil de iniciación nas técnicas básicas da olería.

Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados/as entre 2007 e 2012, 15 prazas en cada quenda.

Obxectivos:

O obxectivo principal é o achegamento lúdico á obra cerámica, especialmente á olería. Aprender a xogar coas cores e volumes e a utilizar dun xeito divertido diferentes instrumentos de transformación do material.

Ao tratarse dun obradoiro de iniciación, os nenos e nenas participantes poderán coñecer o seguimento de todo o proceso de creación dunha peza: construción, modelado, decoración, secado, biscoito, vidrado, cocción. Nunha cocción final poderán comprobar os resultados dos traballos realizados durante as clases.

Lugar de realización:

Alfar das Torres, en Santa Cruz.



Temporalización:

» 1ª quenda-xullo:

Do 1 ao 12 de xullo (10 sesións)
de 12.00 a 13.30 horas

» 2ª quenda-agosto:

Do 1 ao 14 de agosto (10 sesións)
de 12.00 a 13.30 horas



OBRADOIRO DE OLERÍA XUVENIL

Descrición:

Obradoiro xuvenil de iniciación nas técnicas básicas da olería.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2001 e 2006, 15 prazas por cada quenda.

Obxectivos:

O obxectivo principal é o achegamento lúdico á obra cerámica, especialmente a olería.

Ao tratarse dun obradoiro de iniciación, os participantes poderán coñecer o seguimento de todo o proceso de creación dunha peza: construción, modelado, decoración, secado, biscoito, vidroado, cocción. Nunha cocción final poderán comprobar os resultados dos traballos realizados durante as clases.

Trátase de acadar unha visión xeral das posibilidades que ofrece a cerámica nas súas diferentes técnicas e de incentivar a creatividade e o gusto polas manifestacións artísticas, fomentando o respecto polos oficios tradicionais. Poderán aprender os conceptos elementais de coñecemento de materias primas, procesos, estilos, etc.

Lugar de realización:

Alfar das Torres, en Santa Cruz.



Temporalización:

» 1ª quenda-xullo:

Do 1 ao 12 de xullo (10 sesións)
de 10.30 a 12.00 horas

» 2ª quenda-agosto:

Do 1 ao 14 de agosto (10 sesións)
de 10.30 a 12.00 horas

OBRADOIRO DE COCIÑA INFANTIL

Descrición:

Obradoiro de cociña educativa e creativa desde unha perspectiva lúdica e harmoniosa coa natureza e a educación para a saúde onde os nenos e nenas descubrirán deliciosas e orixinais receitas, profundando na importancia dunha correcta alimentación, os hábitos de consumo e a manipulación dos alimentos.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2007 e 2012 (15 prazas).

Obxectivos:

- Descubrir novos alimentos, novas maneiras de comer e combinar produtos xa coñecidos e novos sabores.
- Adquirir os conceptos básicos para o manipulado dos alimentos.



- Utilizar os diferentes tipos de instrumentos e a maquinaria necesaria para cocinar distintos tipos de elaboracións.
- A formación de pezas para o forneado e a decoración posterior.

Lugar de realización:

Casa da Gardesa, en Santa Cruz.

Temporalización:

» Do 15 ao 30 de xullo:

(10 sesións) de 12.00 a 13.30 horas

* O venres 26 de xullo non haberá clase.



OBRADOIRO DE COCIÑA XUVENIL



Descrición:

Obradoiro de cociña educativa e creativa desde unha perspectiva lúdica, educativa e saudable onde compartiremos coa xuventude o coñecemento e a preparación de deliciosas e orixinais receitas, profundando na importancia dunha correcta alimentación, o coñecemento dos diferentes ingredientes, o bo uso dos instrumentos, os hábitos de consumo e a manipulación dos alimentos.



Destinatarios/as:

Mozos e mozas nados entre os anos 2001 e 2006 (15 prazos).

Obxectivos:

- Descubrir novos alimentos, novas maneiras de comer e combinar produtos xa coñecidos e novos sabores.
- Adquirir os conceptos básicos para o manipulado dos alimentos.
- Utilizar os diferentes tipos de instrumentos e a maquinaria necesaria para cociñar distintos tipos de elaboracións.
- A formación de pezas para o forneado e a decoración posterior.

Lugar de realización:

Casa da Gardesa, en Santa Cruz.



Temporalización:

» Do 15 ao 30 de xullo:

(10 sesións) de 10.30 a 12.00 horas

* O venres 26 de xullo non haberá clase.

OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN E BANDA DESEÑADA

Descrición:

A ilustración e a banda deseñada constitúen dous elementos fundamentais na formación artística e expresiva dos máis pequenos, aínda máis cando o sistema educativo amosa lagoas importantes neste eido.

O enfoque desta experiencia radica no/a nenno/a: deseñamos personaxes para reflexionar sobre o aspecto e a psicoloxía das persoas, mergullámonos no debuxo de personaxes históricos para coñecer mellor o noso pasado, realizamos murais grupais para practicar o traballo cooperativo, ou aprendemos noções sobre cómic para abrir o noso espectro de lectores en diante.

Destinatarios/as:

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2007 e 2012 (15 prazas).

Obxectivos:

Esta proposta de obradoiros persegue, seguindo a estela do pedagogo Gianni Rodari, a expresión dos nenos e nenas, por riba das aspiracións estéticas e artísticas, que veñen moitas veces dadas nun plano posterior. Os obradoiros son dinámicos, diferentes cada día, e mesmo procurando nalgún momento variar de espazos (debuxo no exterior, caderno de campo...) para estimular a creatividade, e promover a observación da realidade (que non sempre está entre catro paredes).

Un dos obxectivos primordiais é o de dar respostas persoais a casuísticas persoais: en ocasións nenos e nenas con dificultades atopan na creación plástica a vía para canalizar a súa enerxía e



a súa expresión. As propias dinámicas dos cursos tratan de incidir para crear una atmosfera envolvente, que axude a fortalecer as capacidades e autoestimas.

Lugar de realización:

Centro Cultural As Torres, en Santa Cruz.

Temporalización:

» Do 19 ao 30 de agosto:
(10 sesións) de 10.30 a 12.00 horas



OBRADÓIRO DE ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN LEGO

Descrición:

Neste obradoiro, a robótica e a programación serán o medio e o fin. Empregando os kits LEGO EV3 e/ou WeDo 2.0 (Dependendo de idade e/ou coñecementos previos) traballaremos de maneira transversal conceptos de física, matemáticas, ciencias, lingua... Os nenos e nenas levarán a cabo distintos proxectos montando e programando robots de LEGO.

Destinatarios/as:


Rapaces e rapazas nados entre os anos 2007 e 2012 (15 prazos).

Obxectivos:

Aprender que é un robot, que son os sensores e os actuadores. Traballar a psicomotricidade fina, a creatividade, visión espacial, o traballo en equipo mediante a montaxe e modificación de distintos modelos de robots. Ter un primeiro contacto coas principais estruturas de programación dunha maneira planificada e analítica. Ser conscientes e respectar a importancia da orde e a paciencia no mundo da robótica e a programación. Perder o medo a facer algo. Na robótica e a programación precisamos trabucarnos e ver como solucionalo. E todo isto mentres nos divertimos xogando.

Lugar de realización:

Casa da Gardesa, en Santa Cruz.



Temporalización:

» Do 19 ao 30 de agosto:
(10 sesións) de 12.00 a 13.30 horas

OBRADÓIRO DE ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN



Descrición:

Unha introdución ao mundo da robótica a través da iniciación á programación, pasando de ser de simples consumidores a creadores de proxectos propios dentro da actividade.

Destinatarios/as:

mocidade nacida entre 2002 e 2006

Obxectivos:

Aprender a usar unha plataforma electrónica, coa que poder programar, creando circuitos e construíndo pezas ata chegar a poñer en funcionamento proxectos propios.

Lugar de realización:

Aula de informática do Centro Municipal de Formación.

Prazas:

12 prazas por quenda.

Temporalización:

» 1ª quenda:

de luns a venres do 1 ao 5 de xullo
de 10.00 a 12.00 h

» 2º quenda:

de luns a venres do 8 ao 12 de xullo
de 10.00 a 12.00 h



OBRADOIRO DE CURTAMETRAXES

Descrición:

Iniciación ao mundo da curtametraxe, tratando unha base teórica do guión á vez que se dan a coñecer os conceptos básicos da linguaxe audiovisual: plano, encadramento, posta en escena, son... Rematando coa gravación dunha curtametraxe.

Destinatarios/as:

Mocidade nacida entre 2002 e 2007.

Obxectivos:

Iniciar as persoas participantes no mundo das curtametraxes, da creación de historias audiovisuais e da súa linguaxe.



Lugar de realización:

Salón de actos do Centro Municipal de Formación e exteriores da zona

Prazas:

20 prazas.

Temporalización:

» De luns a venres do **1 ao 12 de xullo**
en horario de 12.00 a 13.30 h



OBRADÓIRO DE FOTOGRAFÍA

Descrición:

Introdución no mundo da fotografía aprendendo a controlar o modo manual e os modos semiautomáticos das cámaras dixitais, para facer unha correcta exposición da luz, adquirindo, coñecementos de composición fotográfica e aprendendo a manexar o programas de edición para facer un tratamento da imaxe no ordenador. Ao final do curso farase unha exposición das fotografías escollidas polo alumnado.

Destinatarios/as:

Mocidade nacida entre 2002 e 2007.

Obxectivos:

Introducirse no mundo da fotografía, aprender o uso da cámara e dos programas de edición dixital.



Lugar de realización:

Aula informática do Centro Municipal de Formación e exteriores da zona.

Prazas:

15 prazas.

Temporalización:

» De luns a venres **do 15 ao 31 de xullo** en horario de 10.00 a 11.30 h, **agás o 25 de xullo (festivo).**

Do 2 ao 15 setembro farase unha exposición das fotografías realizadas polo alumnado. Unha vez finalizada poderán recoller as súas obras no Centro Cultural A Fábrica.



OBRADOIRO DE DESEÑO GRÁFICO



Destinatarios/as:

Mocidade nacida entre o 2002 e o 2007.

Obxectivos:

Fomentar a creatividade, crear deseños propios, introducirse dentro do mundo do deseño gráfico.

Lugar de realización:

Aula de informática do Centro Municipal de Formación.

Prazas:

12 prazas.

Temporalización:

» De luns a venres **do 15 ao 31 de xullo**
en horario de 12.00 a 13.30 h, **agás o 25 de xullo (festivo).**

Descrición:

Introdución no mundo do deseño gráfico e dos programas habituais desta modalidade, deseñando e desenvolvendo a súa creatividade e creando ilustracións propias.



OBRADÓIRO DE DINAMIZADORES

Descrición:

Espazo onde a mocidade aprenderá as técnicas e recursos para dinamizar e xestionar grupos, comunicación en público, organización de equipos.

Destinatarios/as:

Mocidade nacida entre 1994 e 2005.

Obxectivos:

Achegar á mocidade ferramentas e técnicas de dinamización e xestión de grupos.

Lugar de realización:

Centro de Lecer de Perillo.

Prazas:

25 prazas.

Temporalización:

» De luns a venres **do 1 ao 12 de xullo**
en horario de 11.00 a 13.00 h.



OBRADÓIRO DE CREADORES



Descrición:

Espazo onde a mocidade aprendera as técnicas e recursos para a innovación social, habilidades sociais e participación comunitaria.



Destinatarios/as:

Mocidade nacida entre o 1994 e o 2005.

Obxectivos:

Achegar á mocidade ferramentas e técnicas para a participación comunitaria.

Lugar de realización:

Centro de Lecer de Perillo.

Prazas:

25 prazas.

Temporalización:

» De luns a venres **do 15 ao 31 de xullo**
en horario de 11.00 a 13.00 h,
agás o 25 de xullo (festivo).



CALENDARIO DE INSCRIPCIÓNS 2019

- **Do 29 de abril ao 5 de maio:** preinscrición persoas empadroadas
- **Do 8 ao 10 de maio:** publicación de listas e reclamacións
- **O 13 de maio:** sorteo público
- **O 16 de maio:** publicación de listas definitivas
- **Do 20 ao 24 de maio:** pagamento e entrega de documentación
- **O 28 de maio:** publicación de vacantes
- **A partir do 30 de maio:** inscrición libre para prazas vacantes para persoas empadroadas e non empadroadas. Presencialmente e por orde de chegada na Fábrica, ata un límite de 6 trámites por persoa e quenda.
- Unha vez rematado o período de preinscrición, e ata o **5 de xuño**, poderase proceder á anulación daquelas actividades nas que non se acadase un número suficiente de persoas participantes.

A **preinscrición** poderá realizarse:

- 1) Na web municipal **www.oleiros.org**, na sede electrónica (non é necesario estar rexistrado/a).
- 2) Na conserxería da Fábrica (Perillo) de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas.

» Admitirase unha única solicitude por persoa e nela poderán marcarse ata un máximo de 3 actividades, indicando a orde de preferencia. Na carpeta cidadá a orde de preferencia virá determinada pola orde de inscrición.

» No caso de querer facer calquera modificación respecto á solicitude inicial será requisito imprescindible dirixirse persoalmente á conserxería da Fábrica, unicamente durante o período de preinscrición e no horario indicado.

» Se alguén presentase máis dunha solicitude co mesmo nome a través da sede electrónica daríase como válida a última presentada.

» É importante gardar o número de inscrición xa que as diferentes listaxes virán relacionadas por esta numeración.

» No caso de haber máis solicitantes que prazas resolverase por sorteo público o venres 13 de maio ás 13.00 h, no auditorio da Fábrica.

» No caso de que unha persoa resulte admitida nunha actividade e teña irmáns ou irmás solicitantes de praza na mesma actividade, e coa mesma orde de prioridade, estes últimos incorporaranse á lista de admitidos/as, sempre que o permitan as características propias de cada actividade.

» As situacións de acollemento familiar, separación ou divorcio nas que os/as menores non consten como empadroados/as, deben ser comunicadas mediante correo electrónico durante o período de preinscrición.

» Unha vez admitidos/as informárase das instrucións de pagamento e formalización de praza na web municipal e na conserxería da Fábrica (Perillo).

» No caso de estar admitido/a nunha actividade poderase solicitar o envío por correo electrónico da documentación para formalizar a inscrición e efectuar o pagamento, así como as instrucións para efectuar o pagamento a través da pasarela electrónica.

» Para formalizar a inscrición será imprescindible achegar persoalmente, ou por correo electrónico, o xustificante do pagamento de todas as actividades dentro dos correspondentes prazos e entregar a documentación. En caso contrario perderase o dereito da reserva.

» Quen pretenda acollerse a algunha bonificación (Servizos Sociais, familia numerosa...) deberá acreditalo previamente á solicitude do pagamento na conserxería da Fábrica.



TÁBOA DE PREZOS DAS DISTINTAS ACTIVIDADES

Actividades de Ensino	Prezo
Mini 3	42,00 €
Mini 5	73,00 €
Campamentos	81,00 €
Excursións Fragas do Eume	102,00 €
Excursións Mar de Lira	179,00 €
Hortas de Verán	9,00 €
Aulas de verán de Escola de Música	27,00 €
Aulas de verán de Escola de Danza Clásica I	14,00 €
Aulas de verán de Escola de Danza Clásica II	16,00 €
Aulas de verán de Escola de Danza Clásica III	36,00 €
Aulas de verán de Escola de Danza Moderna I e II	7,00 €

Actividades de Deporte	Prezo
Kaiak (4 días)	15,00 €
Kaiak (5 días)	19,00 €
Surf	30,00 €
Campus Deporte (4 días)	44,00 €
Campus Deporte (5 días)	55,00 €
Campus Deporte Encoro Fervenza	159,00 €

Actividades de Cultura	Prezo
Escola de Artes Plásticas	37,00 €
Obradoiros de Teatro infantil e Xuvenil	37,00 €
Obradoiros de Olería Infantil e Xuvenil	37,00 €
Obradoiro de Scrapbooking e Encadernación Decorada	37,00 €
Obradoiros de Cociña Infantil e Xuvenil	37,00 €
Obradoiro de Ilustración e Banda Deseñada	37,00 €
Obradoiros de Olería Infantil e Xuvenil	23,00 €

Actividades de Xuventude	Prezo
Obradoiro de Robótica e Programación	58,00 €
Obradoiro de Fotografía	81,00 €
Obradoiro de Curtametraxes	77,00 €
Obradoiro de Deseño Gráfico	88,00 €
Obradoiro de Dinamizadores	48,00 €
Obradoiro de Creadores	48,00 €

10 ANOS DE NASCIMENTO



Todas as actividades, organizámolas para ti desde o:

Servizo Municipal de Educación

ensino@oleiros.org

Tel.: 981 636 598

Departamento de Cultura

cultura@oleiros.org

Tel.: 981 636 598

Servizo Municipal de Deportes

deportes@oleiros.org

Tel.: 981 636 598

Centro de Información Xuvenil

xuventude@oleiros.org

Tel.: 981 636 598

www.oleiros.org

Concello de  Oleiros